



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/22

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Esta addenda xorde da necesidade de contextualizar a Programación Didáctica Anual aos cambios no procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria por mor da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN	
1.1. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO	
a) Alumnado coa materia superada.	O alumnado con toda a materia suspensa desenvolverá actividades de reforzo da materia vista ao longo do curso. Para a obtención da nota da avaliación final farase unha media ponderada na que a nota da terceira avaliación suporá un 90% e a das actividades propostas durante eses días un 10%.
b) Alumnado con algunha parte da materia suspensa.	O alumnado con parte da materia suspensa realizará actividades de reforzo desas aprendizaxes non suficientemente desenvolvidas. Este traballo será avaliado mediante unha proba escrita, a nota da mesma formará parte dunha media ponderada coas partes aprobadas ao longo do curso. A nota resultante será a da avaliación final.
c) Alumnado con toda a materia suspensa.	Mantéñense os criterios de avaliación e cualificación que figuran na programación didáctica. Os alumnos que non teñan acadados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, realizarán tarefas de recuperación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria:

	<p>- A realización e entrega das actividades de recuperación, durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, terán como obxectivo a preparación dun exame final que permita a superación da materia, e serán valoradas con ata un punto que se sumará á nota obtida nese exame final.</p> <p>-O exame final constará das mesmas partes e porcentaxes que as probas realizadas ao longo do curso escolar, e a súa superación implicará o aprobado na materia.</p> <p>Cando a nota acadada no exame final, sumada á nota obtida pola realización e entrega das actividades de recuperación (ata un punto), fose igual ou superior ao 5, o alumnado logrará superar a materia. A cualificación obtida por este alumnado será de 5.</p>
<p>2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES (Período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO)</p>	
METODOLOXÍA	A metodoloxía, que se va empregar neste período será similar a empregada no resto do curso
ACTIVIDADES	<p>As actividades para aqueles alumnos que teñan superada a materia serán de reforzo e ampliación dos contidos vistos ao longo do curso.</p> <p>-As actividades para aqueles alumnos que non teñan superada a materia aprobada serán personalizados para cada alumno en función dos contidos, estándares de aprendizaxe e competencias non acadados por cada alumno en particular.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	Os mesmos do resto do curso.

